

Estefanía Manteiga Lamas, secretaria do Concello de Fene (A Coruña)

CERTIFICO: que o Pleno do Concello na súa sesión ordinaria do 02.12.2021, adoptou o seguinte acordo:

“7. Aprobación, se procede, da Proposta da alcaldía de aprobación inicial da modificación puntual do PXOM para a delimitación dos núcleos rurais de Os Buios, O Redondo, O Feal, Lubián e O Piñeiro.”

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente na sesión ordinaria da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial de do Medio , do 23.11.2021 por 6 votos a favor (3 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, 2 do grupo municipal do Partido Socialista e 1 do grupo Mixto Municipal) e 2 abstencións (2 do grupo municipal do Partido Popular) que transcrita di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM PARA A DELIMITACIÓN DOS NÚCLEOS RURAIS DE OS BUIOS, O REDONDO, O FEAL, LUBIÁN E O PIÑEIRO.

EXPEDIENTE 2020/U032/000001

O Concello de Fene conta cun PXOM do ano 2002 no que a nivel residencial prevese unha grande cantidade de solo Urbano e pequenas zonas delimitadas como solo de núcleo rural (SNR). Este PXOM non conta con zonas de transición entre o definido como urbano e o rústico sendo en moitos casos contradictorio coa realidade do propio asentamento poboacional. Unha das debilidades do actual PXOM en relación á realidade legislativa actual e á propia demanda social de solo para edificar vivenda unifamiliar é que non conta con solo para vivenda unifamiliar fóra das APE.

Coa proposta de modificación que se propón trátase de transformar o solo urbano de Magalofes e parte do solo rústico da mesma parroquia en solo de núcleo rural para que toda a zona edificada da parroquia conte cunha planificación urbanística equilibrada que permita a edificación de vivenda unifamiliar, o uso terciario e facilite o desenvolvemento sustentable da parroquia. Na mesma proposta recóllese a modificación de solo rústico a solo de núcleo rural o núcleo de Lubian da parroquia de Sillobre, pero colindante con Magalofes e que conta con todas as características dun SNR e que o actual PXOM non recolleu e, por último, o núcleo de Piñeiro en Maniños quedou como solo rústico e cun deseño dun vial provincial de 25 metros de sección que o deixa fóra de ordenación e con total imposibilidade de edificar, cando conta coas características dun núcleo rural. O axuste do vial e o cambio de rústico a SNR permitirá a conservación adecuada das vivendas, a súa revalorización e mesmo a edificación de algunha vivenda nova ademais de permitirse usos terciarios.

Esta modificación é un primeiro paso para ir redireccionando o PXOM de Fene cara á nosa realidade social, de propiedade da terra e da autopromoción de vivenda.

A empresa ARQYUR, SC, actual contratista da elaboración da revisión do actual PXOM, foi a adjudicataria da elaboración desta modificación puntual.

Consta no expediente Resolución pola que se formula o Informe ambiental estratéxico (IAE) emitido pola Directora Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático o 30/03/2021 (expdte. 2021AAE2521) e, pola que se acorda non someter a modificación puntual ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria.

No DOG núm. 73 do 20.04.2021 faise publico o informe ambiental estratéxico, sobre a modificación puntual do PXOM-delimitación dos núcleos rurais dos Buios, O Redondo, O Feal, Lubián e O Piñeiro.

O 05.07.2021 e RXE na sede electrónica núm. 202199900002589 achégase documento da modificación puntual para a aprobación inicial redactado por Alfredo Garrote e Sara Prieto Hortas.

O 19.07.2021 e RXE na sede electrónica núm. 202199900002690 achégase resumo executivo da modificación puntual.

0-0
09
36
150
P-
F:
C.T.

Consta no expediente informe conxunto técnico e xurídico asinado o 18.11.2021 polo enxeñeiro de camiños, canais e portos municipala Lino Ameneiro Seijo e a secretaria municipal Estefanía Manteiga Lamas favorable.

Á vista do que antecede, propónse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación puntual do PXOM de Fene referente á **Delimitación dos núcleos rurais de Os Buios, O Redondo, O Feal; Lubián e O Piñeiro**, segundo a documentación técnica elaborada polos arquitectos Alfredo Garrote Pazos (Arq. Col. 1440 COAG) e Sara Prieto Hortas (Arq. Col. 5012 COAG).

Segundo.- Someter o expediente a información pública por prazo de dous meses mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e en dous dos xornais de maior circulación na provincia. Durante o mencionado prazo os interesados poderán formular cantas alegacións teñan por conveniente. A documentación sometida a información pública abranguerá todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluído o resumo executivo que se achega coa documentación presentada, nos que se inclúen as zonas obxecto de suspensión de licenzas.

Terceiro.- Notificar individualmente ás persoas titulares das parcelas catastrais que modifican a súa clasificación urbanística total ou parcialmente de solo urbano e solo apto para urbanizar a solo de núcleo rural.

Cuarto.- Solicitar os informes sectoriais seguintes:

1. Informe da Delegación do Goberno conforme ao establecido na Disposición adicional segunda da Lei 13/2003, do 2 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas, art. 5 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, art. 5 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e art. 68 do RD 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural.
2. Informe do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo en materia de telecomunicacións, segundo o disposto no art. 35 da Lei 9/2014, do 9 de maio, de telecomunicacións.
3. Informe do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (por existencia de costa no Concello en base ao artigo 117.2 da Lei 22/1988 de Costas).
4. Informe do Ministerio de Fomento (Transportes e Axenda Urbana) (por existencia de liña de FF.CC. en Fene, artigo 7.2 Lei 38/2015).
5. Informe da Dirección Xeral de Aviación Civil do Ministerio de Fomento (servidumes aeronáuticas, artigo 29 Decreto 584/1972).
6. Informe da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (art. 102 do Decreto 20/2011)
7. Informe de Augas de Galicia (art. 25.4 RDL 1/2001, 22.3 RDL 7/2015 e afección a diversos ríos)
8. AXI (art. 23.2 da Lei 8/2013)
9. Deputación Provincial da Coruña (art. 23.2 da Lei 8/2013)
10. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural / Xunta de Galicia (art. 34.2 Lei 5/2016)
11. Informe da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental (art. 70.2 b) Lei 6/2021, de residuos e solos contaminados de Galicia)
12. Informe da Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal (art. 66 da Lei 7/2012 de montes de Galicia)
13. Instituto de Estudos do Territorio (art. 7 da Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia)
14. Remisión á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, para que valore a necesidade de solicitar o Informe da Comisión Galega de Protección Civil ao abeiro da DA 5ª DA Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.
15. Informe de Portos de Galicia (art. 40.7 Lei 6/2017 de Portos de Galicia)

Quinto.- Conforme ao previsto no artigo 47.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o acordo de aprobación inicial da modificación puntual determina, por si só, a suspensión das licenzas nos ámbitos nos que as novas determinacións supoñan modificación da ordenación urbanística vixente. Esta suspensión terá un período máximo de dous anos e, en calquera caso, extinguirase coa aprobación definitiva. A suspensión non será de aplicación nos seguintes casos:

a) Obras de mantemento, conservación e reforma, salvo no caso de obras de rehabilitación integral que sexan equiparables á reconstrución total do edificio non xustificadas por razóns de urxencia ou que supoñan un aumento do volume edificado.

0-0
093
150
-P
F:
C.T.

b) Licenzas de primeira ocupación.

c) Proxectos que cumpran simultaneamente o instrumento de planeamento en vigor e a revisión ou modificación deste, sempre que esta fose aprobada inicialmente.

d) Actos suxeitos ao trámite de comunicación previa, sempre e cando se trate de obras ou actos para a implantación de usos ou actividades autorizados polo novo planeamento.

Sexto.- En aplicación do disposto nas NNTTPP o documento para aprobación provisional deberá incluír a declaración responsable elaborada de acordo co establecido no anexo 9.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde Juventino José Trigo Rey.”

Sometido o asunto a votación, foi aprobado por maioría absoluta logo de obter 11 votos a favor (6 do grupo municipal do BNG, 4 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo Mixto municipal) e 6 abstencións do grupo municipal do PP

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda aprobar o seguinte:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación puntual do PXOM de Fene referente á Delimitación dos núcleos rurais de Os Buios, O Redondo, O Feal; Lubián e O Piñeiro, segundo a documentación técnica elaborada polos arquitectos Alfredo Garrote Pazos (Arq. Col. 1440 COAG) e Sara Prieto Hortas (Arq. Col. 5012 COAG).

Segundo.- Someter o expediente a información pública por prazo de dous meses mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e en dous dos xornais de maior circulación na provincia. Durante o mencionado prazo os interesados poderán formular cantas alegacións teñan por conveniente. A documentación sometida a información pública abranguerá todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluído o resumo executivo que se achega coa documentación presentada, nos que se inclúen as zonas obxecto de suspensión de licenzas.

Terceiro.- Notificar individualmente ás persoas titulares das parcelas catastrais que modifican a súa clasificación urbanística total ou parcialmente de solo urbano e solo apto para urbanizar a solo de núcleo rural.

Cuarto.- Solicitar os informes sectoriais seguintes:

16. Informe da Delegación do Goberno conforme ao establecido na Disposición adicional segunda da Lei 13/2003, do 2 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas, art. 5 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, art. 5 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e art. 68 do RD 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural.
17. Informe do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo en materia de telecomunicacións, segundo o disposto no art. 35 da Lei 9/2014, do 9 de maio, de telecomunicacións.
18. Informe do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (por existencia de costa no Concello en base ao artigo 117.2 da Lei 22/1988 de Costas).
19. Informe do Ministerio de Fomento (Transportes e Axenda Urbana) (por existencia de liña de FF.CC. en Fene, artigo 7.2 Lei 38/2015).
20. Informe da Dirección Xeral de Aviación Civil do Ministerio de Fomento (servidumes aeronáuticas, artigo 29 Decreto 584/1972).
21. Informe da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (art. 102 do Decreto 20/2011)
22. Informe de Augas de Galicia (art. 25.4 RDL 1/2001, 22.3 RDL 7/2015 e afección a diversos ríos)
23. AXI (art. 23.2 da Lei 8/2013)
24. Deputación Provincial da Coruña(art. 23.2 da Lei 8/2013)
25. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural / Xunta de Galicia (art. 34.2 Lei 5/2016)
26. Informe da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental (art. 70.2 b) Lei 6/2021, de residuos e solos contaminados de Galicia)
27. Informe da Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal (art. 66 da Lei 7/2012 de montes de Galicia)

0-0
098
150
P-
F:
C.

28. Instituto de Estudos do Territorio (art. 7 da Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia)
29. Remisión á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, para que valore a necesidade de solicitar o Informe da Comisión Galega de Protección Civil ao abeiro da DA 5ª DA Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.
30. Informe de Portos de Galicia (art. 40.7 Lei 6/2017 de Portos de Galicia)

Quinto.- Conforme ao previsto no artigo 47.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o acordo de aprobación inicial da modificación puntual determina, por si só, a suspensión das licenzas nos ámbitos nos que as novas determinacións supoñan modificación da ordenación urbanística vixente. Esta suspensión terá un período máximo de dous anos e, en calquera caso, extinguirase coa aprobación definitiva. A suspensión non será de aplicación nos seguintes casos:

a) Obras de mantemento, conservación e reforma, salvo no caso de obras de rehabilitación integral que sexan equiparables á reconstrución total do edificio non xustificadas por razóns de urxencia ou que supoñan un aumento do volume edificado.

b) Licenzas de primeira ocupación.

c) Proxectos que cumpran simultaneamente o instrumento de planeamento en vigor e a revisión ou modificación deste, sempre que esta fose aprobada inicialmente.

d) Actos suxeitos ao trámite de comunicación previa, sempre e cando se trate de obras ou actos para a implantación de usos ou actividades autorizados polo novo planeamento.

Sexto.- En aplicación do disposto nas NNTTPP o documento para aprobación provisional deberá incluír a declaración responsable elaborada de acordo co establecido no anexo 9."

E para que conste e produza os efectos oportunos no expediente da súa razón, coa prevención que sinala o artigo 206 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, expido a presente certificación de orde e co visto e prace do alcalde.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola secretaria Estefanía Manteiga Lamas e polo alcalde Juventino José Trigo Rey.

0-0
096
150
P-
F:
T.C